# 5

# Panorama social

O capítulo quinto deste informe sobre a situación económica e social da área funcional de A Coruña, está dedicado ao estudio do panorama social, que dividimos en catro grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde e a asistencia social.

En canto aos datos sobre dotación de vivendas no seo da área funcional, recollidos no *Censo de poboación e vivendas 2001* do IGE, preséntanse as características do réxime de tenza das vivendas da área funcional de A Coruña, así como o número de membros das unidades familiares.

Por outra banda, a información no eido educativo extráese do devandito *Censo de poboación e vivendas 2001* (nivel de formación, tipo de estudios realizados e taxa de analfabetismo) e dos datos facilitados polo IGE.

A análise da saúde parte da información aportada polo Servizo Galego de Saúde e comenta a poboación protexida dentro da área funcional, así como o número de camas e quirófanos e as listas de espera.

Finalmente, o estudio dos servizos sociais, considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social –analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social–, así como a área das persoas maiores, onde se trata a situación dos centros propios dependentes da Consellería, prestadores de servizos sociais para as persoas maiores.

## Vivenda

Os datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001* permiten coñecer unha parte fundamental da estrutura social da área xeográfica analizada como son os réximes de tenza das vivendas ou as características e número de membros das unidades familiares.

Neste senso, o **cadro 5.1.** mostra o total de vivendas en función ó réxime de tenza das mesmas, nas cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña. Os datos do citado cadro mostran que o 72,3% das vivendas da área funcional pertencen á comarca de A Coruña (127.105 vivendas), seguida da comarca de Bergantiños con 22.030 vivendas que supoñen o 17,3% das vivendas totais existentes na área funcional segundo o censo de 2001.

*Fogares nos municipios 2001: distribución segundo rexime de tenza*

| | Total | En propiedade | | | En aluguer | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Por compra pagada | Con pagos pendentes | Por herdanza ou doazón | | |
| **Comarca de A Coruña** | 127.105 | 58.274 | 27.027 | 8.750 | 23.573 | 9.481 |
| **Comarca de Bergantiños** | 22.030 | 10.359 | 972 | 5.537 | 1.245 | 3.917 |
| **Comarca de Betanzos** | 13.134 | 5.857 | 1.101 | 3.506 | 1.196 | 1.474 |
| **Comarca de Fisterra** | 7.324 | 3.571 | 221 | 2.326 | 371 | 835 |
| **Comarca de Terra de Soneira** | 6.241 | 2.271 | 57 | 2.094 | 276 | 1.543 |
| **Total área funcional** | 175.834 | 80.332 | 29.378 | 22.213 | 26.661 | 17.250 |
| **Provincia A Coruña** | 364.140 | 157.277 | 52.522 | 61.839 | 45.826 | 46.676 |
| **Galicia** | 900.376 | 391.781 | 113.216 | 193.049 | 94.524 | 107.806 |

Fonte: *INE, Censo de población y viviendas 2001*

**Cadro 5.1.**

*Fogares das comarcas da área funcional de A Coruña 2001: distribución segundo número de membros*

| | Total | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 ou máis | Tamaño medio |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Comarca de A Coruña** | 127.105 | 25.906 | 32.352 | 30.313 | 25.399 | 8.831 | 4.304 | 2,8 |
| **Comarca de Bergantiños** | 22.030 | 3.566 | 4.811 | 5.059 | 4.449 | 2.314 | 1.831 | 3,2 |
| **Comarca de Betanzos** | 13.134 | 2.818 | 3.309 | 2.692 | 2.200 | 1.155 | 960 | 2,9 |
| **Comarca de Fisterra** | 7.324 | 1.192 | 1.386 | 1.538 | 1.512 | 867 | 829 | 3,3 |
| **Comarca de Terra de Soneira** | 6.241 | 1.062 | 1.163 | 1.295 | 1.193 | 733 | 795 | 3,4 |
| **Total área funcional** | 175.834 | 34.544 | 43.021 | 40.897 | 34.753 | 13.900 | 8.719 | |
| **Provincia A Coruña** | 364.140 | 68.524 | 84.957 | 82.245 | 72.771 | 32.349 | 23.294 | 3,0 |
| **Galicia** | 900.376 | 177.476 | 210.529 | 195.915 | 177.737 | 81.291 | 57.428 | 3,0 |

Fonte: *INE, Censo de población y viviendas 2001*

**Cadro 5.2.**

O réxime de tenza máis estendido en tódalas comarcas da área funcional é o de propiedade, dentro do réxime de propiedade da vivenda, nas cinco comarcas da área funcional as vivendas obtidas por compra pagada son as que presentan un maior número por riba dos outros dous réximes de propiedade; acadando o 45,7% dos fogares da área funcional.

As porcentaxes de vivendas alugadas nas comarcas da área funcional oscilan entre o 4,4% do total de vivendas da comarca de Terra de Soneira ata o 18,5% da comarca de A Coruña.

No que respecta ao número de membros nos fogares da comarcas da área obxecto de estudio, salienta que en tres das cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña os fogares máis numerosos son os compostos por tres membros (Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira), nas comarcas de A Coruña e Betanzos os fogares de dous membros son os máis numerosos (**cadro 5.2.**).

## Educación

A análise da situación do nivel de formación dos habitantes da área funcional de A Coruña, así como do sistema educativo nesta área xeográfica analízase a partires dos datos recollidos no *Censo de poboación e vivenda 2001* así como das estatísticas de educación publicadas polo IGE.

Das 445.365 persoas de máis de 16 anos en vivendas familiares da área funcional de A Coruña, o

**cadro 5.3.** reflicte que o 26,4% (117.824 persoas) non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, un 13,4% (59.751 persoas) teñen menos de cinco anos de escolarización, e un 1,9% (8.6391 persoas) non saben ler ou escribir. Comparando co total provincial e galego, a poboación que non completou o bacharelato elemental representa o 42,1% e o 15,9% respectivamente, a poboación con menos de cinco anos de escolarización representa o 43% do total provincial nesa situación e o 15,6% do total galego e, finalmente, a poboación que non sabe ler ou escribir dentro da área funcional representa o 44,3% do conxunto desta poboación na provincia de A Coruña e o 17,4% en Galicia.

No concernente á formación profesional, un total de 41.238 persoas (o 9,2% dos maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares da área funcional) tiñan estudios de formación profesional, dos que 17.316 (o 42%) tiñan un nivel de estudios de "FPI, FP grao medio, Oficialía industrial", e 23.922 persoas (o 58% restante) tiñan un nivel de estudios de "FPII, FP grao superior, Mestría industrial". Comparando co total provincial e galego, as persoas que posúen formación profesional na área funcional de A Coruña , representan o 49% das persoas co mesmo nivel de formación na provincia de A Coruña e o 23% no conxunto de Galicia.

A poboación con estudios universitarios ascendeu a 60.134 persoas (o 13,5% da poboación de máis de 16 anos residente en vivendas familiares na área funcional de A Coruña ), dos que 28.538 posuían unha diplomatura ou enxeñería técnica, 29.653 persoas unha licenciatura e, as 1.943 persoas restantes tiñan o doutoramento. En relación ao nivel de estudios no conxunto da provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia, no conxunto da área funcional de A Coruña residen o 51,9% dos universitarios totais da provincia de A Coruña e o 24,4% dos existentes na Comunidade Autónoma.

O **cadro 5.4.** mostra a distribución dentro da área funcional da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares, non só segundo o nivel de estudios senón tamén segundo o sexo, este cadro reflicte como dentro da área funcional de A Coruña  existe un 16,8% máis de homes que de mulleres con estudios de Formación Profesional (superior e media), mentres que o número de mulleres con estudios universitarios é un 31,4% superior ao dos homes, por outra banda as mulleres que non saben ler ou escribir e as que non completaron o bacharelato ou teñen menos de cinco anos de escolarización é superior ao dos homes nun 28,6%.

O **cadro 5.5.** mostra a distribución da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares segundo a súa clase de estudios. No conxunto da área funcional de A Coruña en canto ao número de estudantes predominan as Ciencias sociais (23.810 persoas), seguidas da formación técnica e industrias (18.893 persoas), representando esta clase de estudios o 53,9% e o 48,9% do total de titulados nesas especialidades na provincia de A Coruña respectivamente.

A distribución da poboación segundo a clase de estudios e o sexo mostra que, **cadro 5.6.**, dos 18.893 titulados en formación técnica e industrias dentro da área funcional analizada, o 81,8% son homes, e que dos 23.810 titulados en ciencias sociais, o 61,3% son mulleres, así como o 76,6% dos titulados en maxisterio, educación infantil e o 73,9% dos titulados en saúde, servizos sociais.

No que respecta á taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos residente en vivendas familiares na área funcional de A Coruña (**cadro 5.7.**), destacar que a nivel comarcal esta taxa rexistra niveis inferiores ou similares á taxa media galega (2,1) ou provincial (2), na comarca de A Coruña (1,2) e Bergantiños (2), fronte a comarcas como Terra de Soneira (5,7), Betanzos (3,9) ou Fisterra (3,4) con taxas de analfabetismo moi superiores á media. As taxas de analfabetismo masculino agás nas comarcas de A Coruña e Bergantiños, son superiores á media provincial e galego, así mesmo no caso das taxas de analfabetismo feminino, só as citadas comarcas de A Coruña e Bergantiños non superan a taxa media de analfabetismo feminino da provincia de A Coruña, destacando neste caso a comarca de Terra de Soneira que cunha taxa de analfabetismo feminino de 8,6 supera en máis de cinco puntos porcentuais ás medias galega e provincial.

**Cadro 5.3.**

***Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares en: distribución segundo o nivel de estudios***

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia | Área funcional/ A Coruña | Área funcional/ Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | | (%) | |
| **Total** | 310.361 | 61.106 | 34.331 | 21.267 | 18.300 | 445.365 | 952.816 | 2.335.614 | 46,74 | 19,07 |
| Non sabe ler ou escribir | 3.759 | 2.407 | 700 | 729 | 1.044 | 8.639 | 19.491 | 49.493 | 44,32 | 17,45 |
| Menos de 5 anos de escolarización | 26.442 | 16.780 | 5.534 | 5.241 | 5.754 | 59.751 | 138.963 | 383.078 | 43,00 | 15,60 |
| Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB | 58.717 | 18.119 | 10.934 | 6.421 | 5.266 | 99.457 | 236.131 | 626.124 | 42,12 | 15,88 |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 86.968 | 13.850 | 8.296 | 4.941 | 3.769 | 117.824 | 245.614 | 593.710 | 47,97 | 19,85 |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 48.367 | 4.092 | 3.532 | 1.394 | 937 | 58.322 | 112.757 | 257.262 | 51,72 | 22,67 |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 14.248 | 1.105 | 1.015 | 576 | 372 | 17.316 | 34.713 | 74.998 | 49,88 | 23,09 |
| FPII, FP grao superior, Mestría industrial | 18.796 | 2.146 | 1.678 | 801 | 501 | 23.922 | 49.345 | 104.609 | 48,48 | 22,87 |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 24.749 | 1.367 | 1.445 | 616 | 361 | 28.538 | 54.858 | 122.908 | 52,02 | 23,22 |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 26.502 | 1.195 | 1.136 | 538 | 282 | 29.653 | 56.459 | 116.364 | 52,52 | 25,48 |
| Doutoramento | 1.813 | 45 | 61 | 10 | 14 | 1.943 | 4.485 | 7.068 | 43,32 | 27,49 |

Fonte: *IGE, Censos de poboación e vivendas 2001*

Cadro 5.4.

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e nivel de estudios*

**Homes**

| | Área funcional de Santiago | | | | | | A Coruña | Galicia | Área funcional/ A Coruña | Área funcional/ Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | | (%) | |
| **Total** | 145.384 | 29.674 | 16.575 | 10.328 | 8.846 | 210.807 | 452.591 | 1.112.041 | 46,6 | 19,0 |
| Non sabe ler ou escribir | 947 | 548 | 173 | 173 | 232 | 2.073 | 4.434 | 11.977 | 46,8 | 17,3 |
| Menos de 5 anos de escolarización | 10.007 | 7.648 | 2.301 | 2.303 | 2.650 | 24.909 | 57.337 | 160.709 | 43,4 | 15,5 |
| Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB | 25.702 | 9.441 | 5.212 | 3.334 | 2.765 | 46.454 | 111.240 | 299.286 | 41,8 | 15,5 |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 42.572 | 7.265 | 4.510 | 2.553 | 1.971 | 58.871 | 125.717 | 308.897 | 46,8 | 19,1 |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 23.863 | 1.899 | 1.782 | 669 | 451 | 28.664 | 55.803 | 126.405 | 51,4 | 22,7 |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 7.683 | 590 | 601 | 337 | 217 | 9.428 | 18.940 | 39.456 | 49,8 | 23,9 |
| FPII, FP grao superior, Mestría industrial | 10.251 | 1.189 | 914 | 449 | 284 | 13.087 | 27.326 | 57.193 | 47,9 | 22,9 |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 10.116 | 512 | 539 | 237 | 138 | 11.542 | 21.706 | 47.289 | 53,2 | 24,4 |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 13.132 | 562 | 508 | 269 | 130 | 14.601 | 27.340 | 56.601 | 53,4 | 25,8 |
| Doutoramento | 1.111 | 20 | 35 | 4 | 8 | 1.178 | 2.748 | 4.228 | 42,9 | 27,9 |

**Mulleres**

| | Área funcional de Santiago | | | | | | A Coruña | Galicia | Área funcional/ A Coruña | Área funcional/ Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | | (%) | |
| **Total** | 164.977 | 31.432 | 17.756 | 10.939 | 9.454 | 234.558 | 500.225 | 1.223.573 | 46,9 | 19,2 |
| Non sabe ler ou escribir | 2.812 | 1.859 | 527 | 556 | 812 | 6.566 | 15.057 | 37.516 | 43,6 | 17,5 |
| Menos de 5 anos de escolarización | 16.435 | 9.132 | 3.233 | 2.938 | 3.104 | 34.842 | 81.626 | 222.369 | 42,7 | 15,7 |
| Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB | 33.015 | 8.678 | 5.722 | 3.087 | 2.501 | 53.003 | 124.891 | 326.838 | 42,4 | 16,2 |
| Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo | 44.396 | 6.585 | 3.786 | 2.388 | 1.798 | 58.953 | 119.897 | 284.813 | 49,2 | 20,7 |
| Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU | 24.504 | 2.193 | 1.750 | 725 | 486 | 29.658 | 56.954 | 130.857 | 52,1 | 22,7 |
| FPI, FP grao medio, Oficialía industrial | 6.565 | 515 | 414 | 239 | 155 | 7.888 | 15.773 | 35.542 | 50,0 | 22,2 |
| FPII, FP grao superior, Mestría industrial | 8.545 | 957 | 764 | 352 | 217 | 10.835 | 22.019 | 47.416 | 49,2 | 22,9 |
| Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica | 14.633 | 855 | 906 | 379 | 223 | 16.996 | 33.152 | 75.619 | 51,3 | 22,5 |
| Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior | 13.370 | 633 | 628 | 269 | 152 | 15.052 | 29.119 | 59.763 | 51,7 | 25,2 |
| Doutoramento | 702 | 25 | 26 | 6 | 6 | 765 | 1.737 | 2.840 | 44,0 | 26,9 |

Fonte: *IGE, Censos de poboación e vivendas 2001*

***Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo a clase de estudios***

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | |
| **Total** | 86.108 | 5.858 | 5.335 | 2.541 | 1.530 | 101.372 | 199.860 | 425.950 |
| **Dereito** | 5.334 | 148 | 189 | 67 | 36 | 5.774 | 9.834 | 19.546 |
| **Maxisterio, Educación infantil** | 7.957 | 564 | 618 | 281 | 156 | 9.576 | 19.075 | 46.676 |
| **Ciencias sociais** | 20.306 | 1.324 | 1.236 | 631 | 313 | 23.810 | 44.176 | 93.582 |
| **Artes e Humanidades** | 5.906 | 320 | 278 | 142 | 63 | 6.709 | 14.501 | 30.685 |
| **Informática** | 3.087 | 101 | 102 | 64 | 55 | 3.409 | 6.223 | 14.105 |
| **Enxeñerías** | 4.038 | 189 | 185 | 69 | 60 | 4.541 | 8.293 | 18.592 |
| **Formación técnica e Industrias** | 14.552 | 1.786 | 1.456 | 620 | 479 | 18.893 | 38.632 | 80.476 |
| **Ciencias** | 3.995 | 229 | 197 | 98 | 56 | 4.575 | 10.227 | 22.798 |
| **Arquitectura ou Construción** | 2.805 | 97 | 86 | 29 | 21 | 3.038 | 4.606 | 8.075 |
| **Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria** | 980 | 128 | 115 | 64 | 35 | 1.322 | 2.729 | 6.445 |
| **Saúde, Servizos sociais** | 10.563 | 536 | 532 | 260 | 131 | 12.022 | 25.146 | 53.828 |
| **Outros estudios** | 6.585 | 436 | 341 | 216 | 125 | 7.703 | 16.418 | 31.142 |

Fonte: *IGE, Censos de poboación e vivendas 2001*

**Cadro 5.5.**

Cadro 5.6.

### Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e clase de estudios

**Homes**

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia | Area funcional/ A Coruña | Area funcional/ Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | | (%) | |
| **Total** | 42.293 | 2.873 | 2.597 | 1.296 | 777 | 49.836 | 98.060 | 204.767 | 50,82 | 24,34 |
| **Dereito** | 2.708 | 63 | 92 | 37 | 17 | 2.917 | 4.905 | 9.690 | 59,47 | 30,10 |
| **Maxisterio, Educación infantil** | 1.805 | 168 | 151 | 78 | 39 | 2.241 | 4.643 | 11.627 | 48,27 | 19,27 |
| **Ciencias sociais** | 8.163 | 409 | 371 | 175 | 84 | 9.202 | 16.457 | 34.576 | 55,92 | 26,61 |
| **Artes e Humanidades** | 2.027 | 121 | 92 | 56 | 28 | 2.324 | 5.088 | 11.084 | 45,68 | 20,97 |
| **Informática** | 2.021 | 46 | 63 | 38 | 25 | 2.193 | 3.849 | 8.351 | 56,98 | 26,26 |
| **Enxeñerías** | 3.383 | 143 | 150 | 56 | 52 | 3.784 | 6.846 | 14.915 | 55,27 | 25,37 |
| **Formación técnica e Industrias** | 11.971 | 1.357 | 1.179 | 561 | 379 | 15.447 | 31.478 | 65.351 | 49,07 | 23,64 |
| **Ciencias** | 1.828 | 89 | 79 | 45 | 24 | 2.065 | 4.788 | 10.313 | 43,13 | 20,02 |
| **Arquitectura ou Construción** | 1.933 | 64 | 58 | 22 | 12 | 2.089 | 3.162 | 5.550 | 66,07 | 37,64 |
| **Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria** | 707 | 103 | 83 | 49 | 30 | 972 | 2.051 | 4.717 | 47,39 | 20,61 |
| **Saúde, Servizos sociais** | 2.793 | 130 | 118 | 69 | 31 | 3.141 | 6.921 | 14.573 | 45,38 | 21,55 |
| **Outros estudios** | 2.954 | 180 | 161 | 110 | 56 | 3.461 | 7.872 | 14.020 | 43,97 | 24,69 |

**Mulleres**

| | Área funcional de A Coruña | | | | | | A Coruña | Galicia | Área funcional/ A Coruña | Área funcional/ Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Bergantiños | Betanzos | Fisterra | Terra de Soneira | Total | | | (%) | |
| **Total** | 43.815 | 2.985 | 2.738 | 1.245 | 753 | 51.536 | 101.800 | 221.180 | 50,62 | 23,30 |
| **Dereito** | 2.626 | 85 | 97 | 30 | 19 | 2.857 | 4.929 | 9.856 | 57,96 | 28,99 |
| **Maxisterio, Educación infantil** | 6.152 | 396 | 467 | 203 | 117 | 7.335 | 14.432 | 35.049 | 50,82 | 20,93 |
| **Ciencias sociais** | 12.143 | 915 | 865 | 456 | 229 | 14.608 | 27.719 | 59.006 | 52,70 | 24,76 |
| **Artes e Humanidades** | 3.879 | 199 | 186 | 86 | 35 | 4.385 | 9.413 | 19.601 | 46,58 | 22,37 |
| **Informática** | 1.066 | 55 | 39 | 26 | 30 | 1.216 | 2.374 | 5.754 | 51,22 | 21,13 |
| **Enxeñerías** | 655 | 46 | 35 | 13 | 8 | 757 | 1.447 | 3.677 | 52,32 | 20,59 |
| **Formación técnica e Industrias** | 2.581 | 429 | 277 | 59 | 100 | 3.446 | 7.154 | 15.125 | 48,17 | 22,78 |
| **Ciencias** | 2.167 | 140 | 118 | 53 | 32 | 2.510 | 5.439 | 12.485 | 46,15 | 20,10 |
| **Arquitectura ou Construción** | 872 | 33 | 28 | 7 | 9 | 949 | 1.444 | 2.525 | 65,72 | 37,58 |
| **Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria** | 273 | 25 | 32 | 15 | 5 | 350 | 678 | 1.728 | 51,62 | 20,25 |
| **Saúde, Servizos sociais** | 7.770 | 406 | 414 | 191 | 100 | 8.881 | 18.225 | 39.252 | 48,73 | 22,63 |
| **Outros estudios** | 3.631 | 256 | 180 | 106 | 69 | 4.242 | 8.546 | 17.122 | 49,64 | 24,78 |

Fonte: *IGE, Censos de poboación e vivendas 2001*

*Taxas de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos: distribución segundo sexo*

| | Total | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| | | (%) | |
| **Comarca de A Coruña** | 1,2 | 0,7 | 1,7 |
| **Comarca de Betanzos** | 3,9 | 1,8 | 5,9 |
| **Comarca de Bergantiños** | 2,0 | 1,0 | 3,0 |
| **Comarca de Fisterra** | 3,4 | 1,7 | 5,1 |
| **Comarca de Terra de Soneira** | 5,7 | 2,6 | 8,6 |
| **Provincia A Coruña** | 2,0 | 1,0 | 3,0 |
| **Galicia** | 2,1 | 1,1 | 3,1 |

Fonte: *IGE; Censo de Poboación e vivendas 2001*

**Cadro 5.7.**

En relación ao mapa escolar da área funcional de A Coruña, os **cadros 5.8.**, **5.9.**, **5.10.**, **5.11.** e **5.12.** recollen a situación a nivel comarcal e municipal, dos tres elementos formativos do enramado educativo: o alumnado, o profesorado e os centros educativos existentes na área funcional de A Coruña.

No **cadro 5.8.** recóllese información sobre o alumnado no curso 2004-2005. Na área funcional considerada atópanse aproximadamente o 19% dos alumnos dos diferentes graos formativos non universitarios do conxunto de Galicia. Destaca que a área funcional de A Coruña acolle o 48,2% dos alumnos da educación infantil da provincia de A Coruña así como ao 46,4% dos alumnos de educación primaria da provincia e o 45,4 e 47,4% dos alumnos de educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria respectivamente.

A nivel comarcal, e tendo en conta o número de alumnos por nivel formativo, destaca a comarca de A Coruña con 50.824 alumnos, seguida da comarca de Bergantiños con 8.123 alumnos; polo tanto, o 74,1% dos alumnos non universitarios matriculados nos centros da área funcional no curso 2004/2005, pertencen á comarca de A Coruña.

A nivel municipal destaca, dentro da comarca de A Coruña o concello de A Coruña (34.844 alumnos matriculados), e dentro da comarca de Bergantiños o concello de Carballo con 4.185 alumnos matriculados.

Da análise da distribución comarcal dos centros educativos segundo o nivel formativo, **cadro 5.9.**, despréndese a existencia na área funcional de A Coruña de 165 centros de educación infantil e/ou primaria (dos que 86, o 52,1%, están localizados na comarca de A Coruña), 9 centros de educación secundaria obrigatoria, (cinco na comarca de A Coruña, dous na comarca de Fisterra e un nas comarcas de Fisterra e Terra de Soneira), 11 centros de educación infantil, primaria e E.S.O (catro na comarca de Bergantiños, tres na comarca de A Coruña, dous en Fisterra e un nas comarca de Terra de Soneira e Betanzos), 20 centros de educación postobrigatoria (dezanove na comarca de A Coruña e un na comarca de Bergantiños), 21 centros de educación infantil, primaria, secundaria e postobrigatoria, entendéndose por esta última bacharelato, formación profesional e programas de garantía social (situados vinte deles na comarca de A Coruña), e, finalmente, 36 centros de educación secundaria e postobrigatoria, dos que 23 están localizados na comarca de A Coruña e 6 na comarca de Bergantiños.

Finalmente o **cadro 5.10.** mostra datos sobre o profesorado asociado aos centros analizados, comparando as porcentaxes de alumnos sobre o total provincial e galego e de profesores sobre os mesmos totais, na área funcional de A Coruña as porcentaxes de profesores por centros de ensino inferiores ás porcentaxes de alumnos matriculados nos citados centros, salvo no caso de educación postobrigatoria

*Alumnado non universitario no curso 2004/05: distribución segundo ensino*

| | Educación Infantil | Educación primaria | Educación secundaria obrigatoria | Educación Postobrigatoria | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de A Coruña** | 11.690 | 23.326 | 18.821 | 14.738 | 68.575 |
| | | | | | - |
| **A Coruña** | 8.938 | 17.077 | 13.308 | 11.501 | 50.824 |
| Abegondo | 89 | 149 | 145 | - | 383 |
| Arteixo | 652 | 1.109 | 877 | 480 | 3.118 |
| Bergondo | 83 | 181 | 175 | 39 | 478 |
| Cambre | 469 | 843 | 688 | 305 | 2.305 |
| Carral | 121 | 222 | 166 | 9 | 518 |
| A Coruña | 5.781 | 11.248 | 8.837 | 8.978 | 34.844 |
| Culleredo | 740 | 1.322 | 835 | 1.071 | 3.968 |
| Oleiros | 794 | 1.502 | 1.174 | 472 | 3.942 |
| Sada | 209 | 501 | 411 | 147 | 1.268 |
| | | | | | - |
| **Betanzos** | 642 | 1.325 | 1.117 | 1.054 | 4.138 |
| Aranga | 12 | 66 | - | - | 78 |
| Betanzos | 318 | 700 | 747 | 817 | 2.582 |
| Cesuras | 18 | 53 | - | - | 71 |
| Coirós | 17 | - | - | - | 17 |
| Curtis | 99 | 210 | 215 | 237 | 761 |
| Irixoa | - | - | - | - | - |
| Miño | 97 | 184 | 155 | - | 436 |
| Oza dos Ríos | 19 | 61 | - | - | 80 |
| Paderne | 33 | 1 | - | - | 34 |
| Vilarmaior | 14 | 9 | - | - | 23 |
| Vilasantar | 15 | 41 | - | - | 56 |
| | | | | | - |
| **Fisterra** | 442 | 1.124 | 990 | 556 | 3.112 |
| Cee | 199 | 457 | 619 | 544 | 1.819 |
| Corcubión | 23 | 51 | - | - | 74 |
| Dumbría | 37 | 77 | - | - | 114 |
| Fisterra | 106 | 267 | 209 | 5 | 587 |
| Muxía | 77 | 272 | 162 | 7 | 518 |
| | | | | | - |
| **Terra de Soneira** | 329 | 865 | 834 | 350 | 2.378 |
| Camariñas | 102 | 324 | 320 | 12 | 758 |
| Vimianzo | 121 | 309 | 260 | 195 | 885 |
| Zas | 106 | 232 | 254 | 143 | 735 |
| | | | | | - |
| **Bergantiños** | 1.339 | 2.935 | 2.572 | 1.277 | 8.123 |
| Cabana de Bergantiños | 90 | 157 | 173 | - | 420 |
| Carballo | 689 | 1.444 | 1.185 | 867 | 4.185 |
| Coristanco | 110 | 269 | 291 | 30 | 700 |
| A Laracha | 179 | 415 | 370 | 100 | 1.064 |
| Laxe | 62 | 155 | 129 | 8 | 354 |
| Malpica de Bergantiños | 116 | 270 | 197 | - | 583 |
| Ponteceso | 93 | 225 | 227 | 272 | 817 |
| | | | | | - |
| **Total Provincia A Coruña** | 24.248 | 50.248 | 41.413 | 31.094 | 147.003 |
| | | | | | - |
| **Total Galicia** | 59.068 | 125.473 | 104.411 | 72.804 | 361.756 |
| | | | | | - |
| **Área funcional / A Coruña** *(%)* | 48,2 | 46,4 | 45,4 | 47,4 | 46,6 |
| | | | | | - |
| **Área funcional / Galicia** *(%)* | 19,8 | 18,6 | 18,0 | 20,2 | 19,0 |

Fonte: *IGE*

**Cadro 5.8.**

### *Centros docentes no curso 2004/05: distribución segundo ensinanzas impartidas*

| | Educación infantil e/ou primaria | Educación secundaria obrigatoria | Educación infantil e/ou primaria e secundaria obrigatoria | Educación postobrigatoria | Educación infantil e/ou primaria e secundaria e postobrigatoria | Educación secundaria e postobrigatoria |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de A Coruña** | 165 | 9 | 11 | 20 | 21 | 36 |
| **A Coruña** | 86 | 5 | 3 | 19 | 20 | 23 |
| Abegondo | 2 | 1 | - | - | - | - |
| Arteixo | 9 | 1 | - | 1 | - | 1 |
| Bergondo | 6 | - | 1 | 1 | - | - |
| Cambre | 10 | - | - | - | - | 2 |
| Carral | 2 | - | 1 | - | - | - |
| A Coruña | 35 | 1 | 1 | 16 | 16 | 17 |
| Culleredo | 11 | 1 | - | 1 | 2 | - |
| Oleiros | 8 | 1 | - | - | 1 | 2 |
| Sada | 3 | - | - | - | 1 | 1 |
| **Betanzos** | 16 | - | 1 | - | 1 | 3 |
| Aranga | 1 | - | - | - | - | - |
| Betanzos | 1 | - | - | - | 1 | 2 |
| Cesuras | 1 | - | - | - | - | - |
| Coirós | 2 | - | - | - | - | - |
| Curtis | 2 | - | - | - | - | 1 |
| Irixoa | - | - | - | - | - | - |
| Miño | 2 | - | 1 | - | - | - |
| Oza dos Ríos | 1 | - | - | - | - | - |
| Paderne | 3 | - | - | - | - | - |
| Vilarmaior | 2 | - | - | - | - | - |
| Vilasantar | 1 | - | - | - | - | - |
| **Fisterra** | 17 | 2 | 2 | - | - | 2 |
| Cee | 4 | - | 1 | - | - | 2 |
| Corcubión | 1 | - | - | - | - | - |
| Dumbría | 5 | - | - | - | - | - |
| Fisterra | 2 | 1 | 1 | - | - | - |
| Muxía | 5 | 1 | - | - | - | - |
| **Terra de Soneira** | 14 | 1 | 1 | - | - | 2 |
| Camariñas | 4 | 1 | - | - | - | - |
| Vimianzo | 8 | - | - | - | - | 1 |
| Zas | 2 | - | 1 | - | - | 1 |
| **Bergantiños** | 32 | 1 | 4 | 1 | - | 6 |
| Cabana de Bergantiños | 1 | - | 1 | - | - | - |
| Carballo | 14 | - | 1 | 1 | - | 3 |
| Coristanco | 3 | - | 1 | - | - | 1 |
| A Laracha | 5 | - | - | - | - | 1 |
| Laxe | 2 | - | 1 | - | - | - |
| Malpica de Bergantiños | 3 | 1 | - | - | - | - |
| Ponteceso | 4 | - | - | - | - | 1 |
| **Galicia** | 1.011 | 39 | 185 | 99 | 74 | 223 |
| **A Coruña** | 427 | 17 | 55 | 41 | 36 | 85 |
| **Área funcional / A Coruña** *(%)* | 38,6 | 52,9 | 20,0 | 48,8 | 58,3 | 42,4 |
| **Área funcional / Galicia** *(%)* | 16,3 | 23,1 | 5,9 | 20,2 | 28,4 | 16,1 |

**(1) Por ensinanza postobrigatoria enténdese bacharelato, formación profesional e programas de garantía social.**
Fonte: *IGE*

**Cadro 5.9.**

*Profesorado no curso 2004/05: distribución segundo ensinanzas impartidas*

| | Educación infantil e/ou primaria | Educación secundaria | Educación infantil e/ou primaria e secundaria | Educación postobrigatoria | Educación infantil e/ou primaria e secundaria e postobrigatoria | Educación secundaria e postobrigatoria |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Área funcional de A Coruña** | 2.353 | 1.054 | 77 | 962 | 1.266 | 22 |
| **A Coruña** | 1.608 | 674 | 57 | 757 | 931 | 20 |
| Abegondo | 19 | 21 | - | - | - | - |
| Arteixo | 117 | 64 | - | 29 | 37 | - |
| Bergondo | 22 | 17 | - | 11 | - | - |
| Cambre | 92 | 39 | - | 15 | 56 | - |
| Carral | 25 | 18 | - | - | 3 | 1 |
| A Coruña | 1.008 | 370 | 51 | 589 | 703 | 17 |
| Culleredo | 130 | 58 | 6 | 91 | 18 | 2 |
| Oleiros | 142 | 73 | - | 18 | 69 | - |
| Sada | 53 | 14 | - | 4 | 45 | - |
| **Betanzos** | 149 | 64 | - | 72 | 90 | 2 |
| Aranga | 8 | - | - | - | - | - |
| Betanzos | 58 | 36 | - | 53 | 59 | 2 |
| Cesuras | 10 | - | - | - | - | - |
| Coirós | 2 | - | - | - | - | - |
| Curtis | 25 | 10 | - | 19 | 31 | - |
| Irixoa | - | - | - | - | - | - |
| Miño | 24 | 18 | - | - | - | - |
| Oza dos Ríos | 10 | - | - | - | - | - |
| Paderne | 3 | - | - | - | - | - |
| Vilarmaior | 2 | - | - | - | - | - |
| Vilasantar | 7 | - | - | - | - | - |
| **Fisterra** | 132 | 71 | 10 | 35 | 52 | - |
| Cee | 45 | 28 | 3 | 35 | 46 | - |
| Corcubión | 12 | - | - | - | - | - |
| Dumbría | 14 | - | - | - | - | - |
| Fisterra | 28 | 22 | 7 | - | 3 | - |
| Muxía | 33 | 21 | - | - | 3 | - |
| **Terra de Soneira** | 112 | 67 | 1 | 24 | 39 | - |
| Camariñas | 40 | 32 | - | 1 | - | - |
| Vimianzo | 43 | 11 | - | 16 | 22 | - |
| Zas | 29 | 24 | 1 | 7 | 17 | - |
| **Bergantiños** | 352 | 178 | 9 | 74 | 154 | - |
| Cabana de Bergantiños | 23 | 18 | 1 | - | - | - |
| Carballo | 148 | 56 | 6 | 45 | 95 | - |
| Coristanco | 40 | 33 | 1 | 2 | 1 | - |
| A Laracha | 50 | 15 | - | - | 34 | - |
| Laxe | 20 | 15 | 1 | - | 3 | - |
| Malpica de Bergantiños | 37 | 26 | - | - | - | - |
| Ponteceso | 34 | 15 | - | 27 | 21 | - |
| **Galicia** | 13.438 | 6.370 | 711 | 4.626 | 6.953 | 88 |
| **A Coruña** | 5.313 | 2.538 | 219 | 1.987 | 2.779 | 55 |
| **Área funcional / A Coruña** *(%)* | 44,3 | 41,5 | 35,2 | 48,4 | 45,6 | 40,0 |
| **Área funcional / Galicia** *(%)* | 17,5 | 16,5 | 10,8 | 20,8 | 18,2 | 25,0 |

Fonte: *IGE*

**Cadro 5.10.**

*Evolución de cursos asociados a familias profesionais plan FIP*

| | Nº CURSOS | |
|---|---|---|
| | Ano 2005 | Ano 2006 |
| **A Coruña** | **174** | **171** |
| Administración e xestión | 45 | 51 |
| Agraria | 0 | 2 |
| Artes gráficas | 18 | 13 |
| Artes e artesanías | 4 | 3 |
| Comercio e márketing | 10 | 9 |
| Electricidade e electrónica | 6 | 5 |
| Edificación e obra civil | 18 | 18 |
| Fabricación mecánica | 1 | 1 |
| Hostalaría e turismo | 14 | 10 |
| Informática e comunicacións | 17 | 17 |
| Instalación e mantemento | 1 | 1 |
| Imaxe persoal | 3 | 1 |
| Industrias alimentarias | 2 | 2 |
| Madeira, moble e cortiza | 3 | 3 |
| Química | 4 | 0 |
| Sanidade | 9 | 10 |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 9 | 14 |
| Téxtil, confección e pel | 5 | 4 |
| Transporte e mantemento de vehículos | 5 | 7 |
| **Bergantiños** | **14** | **13** |
| Administración e xestión | 2 | 2 |
| Agraria | 1 | 1 |
| Artes gráficas | 0 | 1 |
| Comercio e márketing | 1 | 0 |
| Electricidade e electrónica | 1 | 2 |
| Fabricación mecánica | 1 | 1 |
| Informática e comunicacións | 1 | 0 |
| Imaxe persoal | 1 | 0 |
| Sanidade | 1 | 1 |
| Téxtil, confección e pel | 5 | 4 |
| Transporte e mantemento de vehículos | 0 | 1 |
| **Betanzos** | **16** | **13** |
| Administración e xestión | 4 | 5 |
| Agraria | 1 | 1 |
| Comercio e márketing | 1 | 0 |
| Edificación e obra civil | 0 | 1 |
| Fabricación mecánica | 1 | 0 |
| Informática e comunicacións | 4 | 0 |
| Imaxe persoal | 1 | 2 |
| Sanidade | 2 | 2 |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 2 | 2 |
| **Fisterra** | **7** | **7** |
| Administración e xestión | 1 | 2 |
| Actividades físicas e deportivas | 1 | 0 |
| Agraria | 1 | 0 |
| Artes e artesanías | 1 | 2 |
| Informática e comunicacións | 3 | 3 |
| **Terra de Soneira** | **3** | **2** |
| Administración e xestión | 1 | 1 |
| Informática e comunicacións | 1 | 1 |
| Madeira, moble e cortiza | 1 | 0 |

Fonte: *Instituto galego das cualificacións*

**Cadro 5.11.**

*Evolución de cursos asociados a familias profesionais do Fondo Social Europeo*

| | Nº CURSOS | |
|---|---|---|
| | Ano 2005 | Ano 2006 |
| **A Coruña** | **143** | **40** |
| Administración e xestión | 17 | 1 |
| Artes gráficas | 2 | 3 |
| Comercio e márketing | 2 | 0 |
| Servizos ás empresas | 7 | 0 |
| Edificación e obra civil | 1 | 0 |
| Formación complementaria | 1 | 0 |
| Fabricación mecánica | 0 | 1 |
| Hostalaría e turismo | 1 | 1 |
| Informática e comunicacións | 91 | 20 |
| Instalación e mantemento | 2 | 0 |
| Imaxe e son | 0 | 2 |
| Industrias alimentarias | 0 | 2 |
| Sanidade | 3 | 0 |
| Sanidade | 0 | 5 |
| Seguridade e medio ambiente | 10 | 0 |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 5 | 3 |
| Transporte e mantemento de vehículos | 1 | 2 |
| **Bergantiños** | **3** | **2** |
| Fabricación mecánica | 1 | 0 |
| Informática e comunicacións | 1 | 0 |
| Industrias alimentarias | 1 | 0 |
| Téxtil, confección e pel | 0 | 2 |
| **Fisterra** | **1** | **0** |
| Servizos socioculturais e á Comunidade | 1 | 0 |
| **Terra de Soneira** | 0 | 1 |
| Administración e xestión | 0 | 1 |

Fonte: *Instituto galego das cualificacións*

**Cadro 5.12.**

onde as porcentaxes de alumnos matriculados son lixeiramente inferiores ás de profesorado en relación ao total provincial e galego.

No eido da formación profesional ocupacional, o Instituto Galego das Cualificacións presenta datos actualizados para o ano 2006, de cursos de formación profesional ocupacional, entendendo por tal, aquela dirixida a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais. Esta formación profesional ocupacional desenvólvese no conxunto do estado Español mediante o plan FIP (Plan de Formación e Inserción Profesional) e as ordes específicas para programas formativos do FSE. No **cadro 5.11.**, expóñense os datos da evolución dos cursos do plan FIP impartidos na área funcional no período 2205-2006. No conxunto da área funcional de A Coruña, impartíronse ao longo do ano 2006 un total de 206 cursos do Plan FIP, un 3,7% menos que no ano 2005, redución provocada, fundamentalmente pola eliminación dos 4 cursos de "informática e comunicacións" impartidos na comarca de Betanzos no ano 2005 e dos 4 cursos de "química" impartidos tamén no ano 2005 na comarca de A Coruña.

O 83% do total de cursos impartidos na área funcional, localízanse na comarca de A Coruña, sendo a familia profesional de 2administración e xestión" con 45 a que máis cursos abarca.

No que respecta aos cursos do FSE, o **cadro 5.12.** mostra a forte redución nos mesmos no ano 2006 en relación ao ano anterior, pasando de 147 cursos a 43. O 93% dos cursos do FSE impartidos no conxunto da área funcional, están localizados na comarca de A Coruña, sendo a familia profesional máis importante en canto a número de cursos impartidos a de "informática e comunicacións" con 20 cursos, fronte aos 91 desta familia profesional impartidos no ano 2005.

***Alumnos matriculados na Universidade de Coruña nos cursos 2006-07 e 2007-08***

| | 2006/07 | 2007/08 |
|---|---|---|
| **Campus de A Coruña** | **18.618** | **18.092** |
| **Centros propios** | **17.384** | **16.984** |
| Facultade de Ciencias | 915 | 823 |
| Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais | 2.024 | 1.850 |
| Facultade de Ciencias da Comunicación | 133 | 156 |
| Facultade de Ciencias da Educación | 1.866 | 1.891 |
| Facultade de Ciencias da Saúde | 179 | 185 |
| Facultade de Ciencias do deporte e da Educación Física. | 803 | 851 |
| Lic. en dereito | 1.779 | 1.756 |
| Facultade de Filoloxía | 431 | 406 |
| facultade de Informática | 2.342 | 2.186 |
| Facultade de Socioloxía | 395 | 360 |
| Escola Técnica superior de Arquitectura | 2.079 | 2.015 |
| Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas | 489 | 491 |
| Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos | 1.102 | 1.132 |
| Escola Universitaria de Estudos Empresariais | 1.223 | 1.196 |
| Escola Universitaria de Fisioterapia | 231 | 231 |
| Escola Universitaria de Arquitectura técnica. | 1.393 | 1.455 |
| **Centros adscritos** | **1.234** | **1.108** |
| Escola Universitaria de Relacións Laborais | 499 | 435 |
| Escola Universitaria de Enfermería | 189 | 194 |
| Escola Universitaria de Turismo | 546 | 479 |
| **Campus de Ferrol** | **3.331** | **3.076** |
| Facultade de Humanidades | 228 | 192 |
| Escola Politécnica Superior | 657 | 602 |
| Escola Universitaria de Deseño Industrial | 350 | 344 |
| Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía. | 368 | 368 |
| Escola Universitaria Politécnica | 1.540 | 1.411 |
| Escola Universitaria de Relacións Laborais (F) | 188 | 159 |
| **Total** | **21.949** | **21.168** |

Fonte: *Universidade de A Coruña*

**Cadro 5.13.**

Finalmente, no que respecta á información da educación universitaria impartida na área funcional de A Coruña, faremos referencia aos datos máis representativos en canto a oferta formativa, estudantes, recursos humanos, investigación, infraestruturas e servizos da Universidade de A Coruña.

A Universidade de A Coruña consta de dous campus (A Coruña e Ferrol), nos que existen 11 facultades, 7 escolas universitarias propias e 3 adscritas; 4 escolas técnicas superiores, un centro universitario de formación e innovación educativa, un centro de innovación tecnolóxica en edificación e enxeñaría civil, e un centro de investigación tecnolóxica.

En relación ao volume de estudantes matriculados, no curso 2007-08, nas titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo ascenderon a 21.168. O **cadro 5.13.** mostra os alumnos matriculados na UDC e, en concreto, no campus de A Coruña segundo a súa titulación no curso 2006-07 e 2007-08. Os alumnos matriculados no campus de A Coruña no curso 2007-08 ascenderon a 18.092, un 2,8% menos que no curso anterior, sendo o centro cun maior número de alumnos matriculados a Facultade de Informática con 2.186 matriculados, seguida da Escola Técnica Superior de Arquitectura con 2.015 matriculados, sendo os centros cun menor número de alumnos matriculados a Facultade de C. da Comunicación e a Escola Universitaria de Fisioterapia.

## Saúde

O **cadro 5.14.** mostra a poboación asignada a cada centro público a xaneiro de 2007 e 2008, en función do médico de cabeceira e non do concello, na área funcional distribuída por idades, neste senso a poboación da área funcional está protexida hospitalariamente polo C.H. Juan Canalejo e pola Fundación Hospital Virxe da Xunqueira. O conxunto de poboación de referencia dos citados centros dentro da área

*Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2004- 05*

| | 0 - 14 anos | 15 - 64 anos | mais de 64 anos | Total 2004 | Total 2005 |
|---|---|---|---|---|---|
| C.H. Universitario Juan Canalejo | 53.347 | 340.655 | 96.030 | 490.032 | 498.253 |
| F.P. Hospital Virxe da Xunqueira | 4.861 | 29.014 | 9.466 | 43.341 | 43.287 |
| **Total Galicia** | 302.528 | 1.814.966 | 583.649 | 2.701.143 | 2.728.739 |

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.14.**

funcional ascendeu a 1 de xaneiro de 2008 a 551.283 persoas, o que supón un 1,8% máis que a poboación de referencia no ano 2007, e un 20% da poboación protexida en Galicia polos hospitais do Sergas.

O **cadros 5.15.** e **5.16.** mostran a poboación residente con tarxeta sanitaria nos concellos da área funcional de A Coruña a marzo de 2008. Neste senso, o C.H. Juan Canalejo protexe á poboación de 27 dos 35 concellos que compoñen a área funcional analizada, en concreto, dentro da área funcional, 502.546 persoas están protexidas por este hospital, o que supón o 92,1% da poboación sanitaria total protexida da área funcional.

O 7,9% da poboación restante está protexida pola Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, en concreto a poboación dos concellos de Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas; acollendo a un volume de poboación de 42.882 persoas.

A distribución do número de camas e intervencións nos dous hospitais dependentes do Sergas que afectan á poboación da área funcional e a comparación co total de hospitais do Sergas está recollida no **cadro 5.17.** O número de camas funcionantes no C.H. Juan Canalejo, no ano 2007 ascendeu a 1.489, o que supón o 20,9% do total de camas funcionantes existentes no conxunto de Galicia. As camas funcionantes existente na F.P.H. Virxe da Xunqueira ascenderon no ano 2007 a 74.

No que ao número de Intervencións se refire, na área funcional de A Coruña, e, en concreto, no C.H. Juan Canalejo, ao longo do ano 2007, as intervencións practicadas ascenderon a 34.691, das que 29.340 foron programadas e 5.351 urxentes, polo que o 20,6% das intervencións totais practicadas en Galicia ao longo do citado ano 2007 foron practicadas no dito hospital.

No caso da atención especializada, no ano 2006 prodúcense un total de 45.927 ingresos no C.H. Juan Canalejo (91,17 ingresos por cada 1.000 habitantes), o que supuxo unha diminución do 0,2% dos ingresos respecto ao ano anterior. A estadía media neste hospital foi de 9,3 días, fronte aos 8,99 días no conxunto dos hospitais do Sergas (**cadro 5.18.**). O volume total de ingresos na F.P. Hospital Virxe da Xunqueira ascendeu en 2006 a 2.972, un 1,36% menos que no ano precedente, situándose a estadía media global en 6,85 días.

No ano 2006, no C.H. Juan Canalejo realizáronse un total de 721.750 consultas, un 3% menos que no ano anterior, o que representa o 16,4% do total destas consultas realizadas polos hospitais do Sergas en Galicia ao longo do último ano. Na F.P. Hospital Virxe da Xunqueira o número total de consultas ascendeu no ano 2006 a 67.721, un 21,6% menos que no ano anterior.

O número de urxencias atendidas no C.H. Juan Canalejo foi de 177.513, o que supón o 16% das urxencias totais do Sergas. A cantidade de urxencias atendidas ao día neste complexo hospitalario é de 486,3 no ano 2006, similar ao volume de urxencias diarias atendidas no ano 2005. Na F.P. Hospital Virxe da Xunqueira foron atendidas un total de 17.498 urxencias, un 7% máis que no ano anterior, o que supón 47,94 urxencias atendidas ao día.

***Poboación residente con tarxeta sanitaria en marzo de 2008 nos concellos da área de influenza do Complexo Hospitalario Juan Canalejo***

| | Poboación |
|---|---|
| **Total C.H. Juan Canalejo** | 502.546 |
| **Abegondo** | 5.302 |
| **Aranga** | 1.764 |
| **Arteixo** | 27.181 |
| **Bergondo** | 5.722 |
| **Betanzos** | 14.690 |
| **Cabana de Bergantiños** | 4.524 |
| **Cambre** | 23.443 |
| **Carballo** | 32.169 |
| **Carral** | 5.378 |
| **Cesuras** | 2.017 |
| **Coiros** | 1.330 |
| **Coristanco** | 7.433 |
| **Coruña (A)** | 256.878 |
| **Culleredo** | 26.500 |
| **Curtis** | 4.232 |
| **Irixoa** | 1.234 |
| **Laracha** | 10.471 |
| **Laxe** | 3.411 |
| **Malpica de Bergantiños** | 6.463 |
| **Miño** | 5.081 |
| **Oleiros** | 30.973 |
| **Oza dos Rios** | 2.669 |
| **Paderne** | 2.322 |
| **Ponteceso** | 6.094 |
| **Sada** | 12.918 |
| **Vilarmaior** | 1.076 |
| **Vilasantar** | 1.271 |
| **Total poboación protexida da área funcional** | 545.428 |

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.15.**

***Poboación residente con tarxeta sanitaria en marzo de 2008 nos concellos da área de influenza da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira***

| | Poboación |
|---|---|
| **Total F.P.H. Virxe Xunqueira** | 42.882 |
| **Camariñas** | 6.354 |
| **Cee** | 8.565 |
| **Corcubión** | 1.487 |
| **Dumbría** | 2.974 |
| **Fisterra** | 4.953 |
| **Muxía** | 5.390 |
| **Vimianzo** | 7.966 |
| **Zas** | 5.193 |
| **Total poboación protexida da área funcional** | 545.428 |

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.16.**

***Camas funcionantes e intervencións no C.H. Juan Canalejo e na F.P.H. Virxe da Xunqueira 2007***

| | Camas funcionantes | Intervencións | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Totais | Programadas | Urxentes |
| **C.H. Universitario Juan Canalejo** | 1.489 | 34.691 | 29.340 | 5.351 |
| **F.P.H. Virxe da Xunqueira** | 74 | 2.907 | 2.459 | 448 |
| **Total Galicia** | 7.124 | 168.673 | 131.349 | 37.324 |

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.17.**

Cadro 5.18.

*Actividade asistencial 2005-06*

| | Hospitais do Sergas total Galicia | | | F.P H. Virxe da Xunqueira | | | C.H. Juan Canalejo | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2005 | 2006 | 06/05 (%) | 2005 | 2006 | 06/05 (%) | 2005 | 2006 | 06/05 (%) |
| **Ingresos** | 241.335 | 248.714 | 3,06 | 3.013 | 2.972 | -1,36 | 46.019 | 45.927 | -0,20 |
| **Ingresos por mil habitantes** | 93,43 | 90,67 | -2,95 | 69,87 | 68,83 | -1,49 | 92,66 | 91,17 | -1,61 |
| **Estadía media global** | 9,12 | 8,99 | -1,43 | 6,69 | 6,85 | 2,39 | 9,44 | 9,30 | -1,48 |
| **% medio de ocupación** | 81,91 | 82,26 | 0,43 | 74,16 | 73,68 | -0,65 | 80,30 | 77,32 | -3,71 |
| **Intervencións totais** | 171.758 | 184.258 | 7,28 | 2.772 | 2.942 | 6,13 | 33.210 | 35.293 | 6,27 |
| con hospitalización | 87.171 | 94.261 | 8,13 | 892 | 755 | -15,36 | 16.214 | 15.780 | -2,68 |
| ambulatorias | 84.587 | 89.997 | 6,40 | 1.880 | 2.187 | 16,33 | 16.996 | 19.513 | 14,81 |
| **Intervencións por mil habitantes** | 66,5 | 67,2 | 1,02 | 64,3 | 68,1 | 5,99 | 66,9 | 70,1 | 4,77 |
| **Estadía media preoperatoria** | 3,60 | 3,37 | -6,39 | 2,10 | 2,34 | 11,43 | 5,00 | 5,17 | 3,40 |
| **Consultas totais** | 4.489.340 | 4.394.162 | -2,12 | 86.350 | 67.721 | -21,57 | 744.219 | 721.750 | -3,02 |
| C. non informatizadas | 354.256 | 306.808 | -13,39 | - | - | | 8.118 | 6.628 | |
| Primeiras C. (informatizadas) | 1.381.754 | 1.432.727 | 3,69 | 42.605 | 28.025 | -34,22 | 231.253 | 236.521 | 2,28 |
| C. sucesivas (informátizadas) | 2.501.178 | 2.554.491 | 2,13 | 42.605 | 38.428 | -9,80 | 450.943 | 458.862 | 1,76 |
| Consultas de preanestesia e farmacia | 252.152 | 100.136 | -60,29 | 1.140 | 1.268 | 11,23 | 53.905 | 19.739 | -63,38 |
| Consultas por mil habitantes | 1.737,93 | 1.565,36 | -9,93 | 1.638,90 | 1.538,98 | -6,10 | 1.498,51 | 1.393,55 | -7,00 |
| Consultas sucesivas/primeiras | 1,81 | 1,87 | 3,31 | 1,58 | 1,37 | -13,29 | 1,95 | 1,93 | -1,03 |
| **Urxencias atendidas** | 1.077.152 | 1.105.810 | 2,66 | 16.341 | 17.498 | 7,08 | 177.554 | 177.513 | -0,02 |
| **Ingresos urxentes** | 161.138 | 165.505 | 2,71 | 2.440 | 2.336 | -4,26 | 30.047 | 30.331 | 0,95 |
| **Urxencias atendidas por mil habitantes** | 416,99 | 403,12 | -3,33 | 378,93 | 405,23 | 6,94 | 357,51 | 352,38 | -1,43 |
| **Presión de urxencias** (%) | 66,77 | 66,54 | -0,34 | 80,98 | 78,60 | -2,94 | 65,29 | 66,04 | 1,15 |
| **% de urxencias ingresadas** | 14,96 | 14,97 | 0,07 | 14,93 | 13,35 | -10,58 | 16,92 | 17,09 | 1,00 |
| **Urxencias/día** | 2951,10 | 3029,62 | 2,66 | 44,77 | 47,94 | 7,08 | 486,45 | 486,34 | -0,02 |

**Os denominadores poboacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria**
Fonte: *Sergas*

### *GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas e Povisa 2007*

| | Peso medio | Episodios | (%) | Estadía media | UPH |
|---|---|---|---|---|---|
| Parto sen complicacións | 1,6033 | 203 | 0,06 | 9,07 | 325 |
| Edema pulmonar e insuficiencia respiratoria | 0,5628 | 202 | 0,06 | 2,19 | 114 |
| Trast.respiratorios exc. Infeccions, bronquite, asma con cc maior | 2,4392 | 194 | 0,05 | 11,82 | 473 |
| Cesarea, sen complicacions | 0,8508 | 129 | 0,04 | 4,36 | 110 |
| Enfermidade pulmonar obstrutiva cronica | 1,2016 | 119 | 0,03 | 10,08 | 143 |
| Insuficiencia cardiaca e choque | 1,5409 | 96 | 0,03 | 7,63 | 148 |
| Subst. Articulac. Maior excep. Cadeira e reimplante memb.inf., exc. Por cc | 3,5263 | 70 | 0,02 | 12,80 | 247 |
| Icc e arritmia cardiaca con cc maior | 3,5968 | 68 | 0,02 | 11,28 | 245 |
| Procedementos sobre o pe | 1,1213 | 62 | 0,02 | 2,13 | 70 |
| Parto con complicacions | 0,6953 | 58 | 0,02 | 2,74 | 40 |
| Apendicectomia sen diagnostico principal complicado sen cc | 0,8905 | 54 | 0,01 | 3,22 | 48 |
| Proc. Sobre utero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc | 1,1363 | 54 | 0,01 | 4,20 | 61 |
| Aborto con dilatacion e legrado, aspiracion ou histerotomia | 0,4730 | 53 | 0,01 | 1,25 | 25 |
| Substitucion de cadeira excepto por complicacions | 3,8297 | 51 | 0,01 | 11,12 | 195 |
| Trastornos do pancreas excepto neoplasia maligna | 1,0337 | 48 | 0,01 | 6,44 | 50 |
| Colecistectomia laparoscopica sen explorac. Conduto biliar sen cc | 0,8542 | 47 | 0,01 | 2,15 | 40 |
| Bronquite e asma idade>17 sen cc | 0,7277 | 43 | 0,01 | 6,91 | 31 |
| Proc.Extr.Inferior e umero exc.cadeira, pe, femur. Idade >17 sen cc | 1,3251 | 42 | 0,01 | 7,14 | 56 |
| Neumonía simple e pleurite idade >17 con cc | 1,4089 | 41 | 0,01 | 9,32 | 58 |
| Procedementos miscelaneos sobre oido, nariz, boca e gorxa | 0,6594 | 41 | 0,01 | 1,85 | 27 |
| Ictus con infarto | 2,0401 | 39 | 0,01 | 10,38 | 80 |
| Neumonía simple e pleurite idade >17 sen cc | 0,8559 | 39 | 0,01 | 6,31 | 33 |
| Proc. Ombrto, cobado ou antebrazo, exc.proc.maior de articulación sen cc | 0,8773 | 39 | 0,01 | 3,72 | 34 |
| Procedementos sobre tecidos brandos sen cc | 0,9324 | 36 | 0,01 | 3,44 | 34 |
| Trastornos do trato biliar sen cc | 0,6581 | 36 | 0,01 | 8,53 | 24 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.19.**

### *GRD (1) máis frecuentes no C.H. Juan Canalejo 2007*

| | Peso medio | Episodios | (%) | Estadía media | UPH |
|---|---|---|---|---|---|
| Parto sen complicacions | 0,5628 | 1.817 | 0,04 | 3,52 | 1.023 |
| Outros diagnosticos anteparto con complicacions medicas | 0,5457 | 1.327 | 0,03 | 1,81 | 724 |
| Edema pulmonar e insuficiencia respiratoria | 1,6033 | 1.272 | 0,03 | 8,69 | 2.039 |
| Outros diagnosticos anteparto sen complicacions medicas | 0,3927 | 1.069 | 0,02 | 1,57 | 420 |
| Insuficiencia cardiaca e choque | 1,5409 | 826 | 0,02 | 7,73 | 1.273 |
| Trast.respiratorios exc. Infeccions, bronquite, asma con cc maior | 2,4392 | 779 | 0,02 | 11,68 | 1.900 |
| Trast.circulatorios excepto iam, con cateterismo sen diag. Complejo | 0,7547 | 724 | 0,02 | 3,56 | 546 |
| Aborto con dilatacion e legrado, aspiracion ou histerotomia | 0,4730 | 525 | 0,01 | 2,68 | 248 |
| Parto con complicacions | 0,6953 | 509 | 0,01 | 4,14 | 354 |
| Ictus con infarto | 2,0401 | 502 | 0,01 | 19,61 | 1.024 |
| Proc. Sobre utero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc | 1,1363 | 458 | 0,01 | 4,18 | 520 |
| Neonato, peso ao nacer >2499 g, sen p.cir.signif., diag neonato normal | 0,2393 | 414 | 0,01 | 3,70 | 99 |
| Proced. Cardiovasc. Percutaneos con iam, fallo cardiaco ou choque | 2,6528 | 390 | 0,01 | 5,00 | 1.035 |
| Cuidados posteriores sen historia de neo.maligna como diag.secundario | 0,4243 | 385 | 0,01 | 2,06 | 163 |
| Apendicectomia sen diagnostico principal complicado sen cc | 0,8905 | 379 | 0,01 | 3,92 | 338 |
| Enfermidade pulmonar obstrutiva cronica | 1,2016 | 368 | 0,01 | 8,16 | 442 |
| Cesarea, con complicacions | 1,0572 | 358 | 0,01 | 7,01 | 378 |
| Trastornos do trato biliar sen cc | 0,6581 | 352 | 0,01 | 8,16 | 232 |
| Psicose | 1,5529 | 324 | 0,01 | 20,01 | 503 |
| Outros diagnosticos de oido, nariz, boca e gorxa idade>17 | 0,7012 | 301 | 0,01 | 2,44 | 211 |
| Colecistectomia laparoscopica sen explorac. Conduto biliar sen cc | 0,8542 | 286 | 0,01 | 3,63 | 244 |
| Dor toracica | 0,6042 | 286 | 0,01 | 4,02 | 173 |
| Amigdalectomia e/ou adenoidectomia so, idade<18 | 0,5072 | 276 | 0,01 | 1,55 | 140 |
| Outros diagnosticos de aparello respiratorio sen cc | 0,6363 | 270 | 0,01 | 6,53 | 172 |
| Neoplasias respiratorias | 1,9777 | 263 | 0,01 | 13,14 | 520 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.20.**

*GRD (1) máis frecuentes no F.P. H. Virxe da Xunqueira 2007*

| | Peso medio | Episodios | (%) | Estadía media | UPH |
|---|---|---|---|---|---|
| **Parto sen complicacions** | 0,5628 | 185 | 0,06 | 2,71 | 104 |
| **Enfermidade pulmonar obstrutiva cronica** | 1,2016 | 154 | 0,05 | 7,18 | 185 |
| **Trast.respiratorios exc. Infeccions, bronquite, asma con cc maior** | 2,4392 | 154 | 0,05 | 8,88 | 376 |
| **Insuficiencia cardiaca e choque** | 1,5409 | 112 | 0,04 | 9,40 | 173 |
| **Neumonia simple e pleurite idade>17 con cc** | 1,4089 | 65 | 0,02 | 7,00 | 92 |
| **Bronquite e asma idade>17 con cc** | 0,9551 | 64 | 0,02 | 6,45 | 61 |
| **Anxina de peito** | 0,9273 | 57 | 0,02 | 8,98 | 53 |
| **Icc e arritmia cardiaca con cc maior** | 3,5968 | 55 | 0,02 | 8,20 | 198 |
| **Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc** | 0,6769 | 55 | 0,02 | 1,78 | 37 |
| **Bronquite e asma con cc maior** | 1,4478 | 54 | 0,02 | 9,09 | 78 |
| **Substitucion de cadeira excepto por complicacions** | 3,8297 | 51 | 0,02 | 10,49 | 195 |
| **Proc. Sobre utero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc** | 1,1363 | 47 | 0,02 | 4,81 | 53 |
| **Bronquite e asma idade>17 sen cc** | 0,7277 | 44 | 0,01 | 7,05 | 32 |
| **Apendicectomia sen diagnostico principal complicado sen cc** | 0,8905 | 42 | 0,01 | 3,83 | 37 |
| **Colecistectomia laparoscopica sen explorac. Conduto biliar sen cc** | 0,8542 | 39 | 0,01 | 1,90 | 33 |
| **Proc. Extr.inferior e umero exc. Cadeira,pe,femur idade>17 sen cc** | 1,3251 | 39 | 0,01 | 6,64 | 52 |
| **Ictus con infarto** | 2,0401 | 38 | 0,01 | 9,82 | 78 |
| **Bronquite e asma idade<18 sen cc** | 0,6346 | 37 | 0,01 | 3,43 | 23 |
| **Infeccions de ril e trato urinario idade>17 con cc** | 1,0713 | 37 | 0,01 | 8,51 | 40 |
| **Procedementos sobre ano e enterostomia sen cc** | 0,5970 | 35 | 0,01 | 3,17 | 21 |
| **Cesarea, sen complicacions** | 0,8508 | 31 | 0,01 | 5,13 | 26 |
| **Dor toracica** | 0,6042 | 31 | 0,01 | 7,35 | 19 |
| **Neumonia simple e pleurite idade>17 sen cc** | 0,8559 | 31 | 0,01 | 7,13 | 27 |
| **Trastornos de pancreas excepto neoplasia maligna** | 1,0337 | 27 | 0,01 | 12,74 | 28 |
| **Amigdalectomia e/ou adenoidectomia so, idade<18** | 0,5072 | 25 | 0,01 | 1,16 | 13 |
| **Outros diagnosticos de aparello respiratorio sen cc** | 0,6363 | 25 | 0,01 | 4,64 | 16 |

**(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos**

Fonte: *Sergas*

**Cadro 5.21.**

*Lista de espera na área funcional de A Coruña a 31 de decembro de 2007*

| | Hospitalización cirúrxica | | | | | Espera media consultas externas (2) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 0 a 3 meses | 3-6 meses | máis de 6 | Total | Espera media (1) | |
| | (nº pacientes) | | | | (días) | (días) |
| **C.H. Universitario Juan Canalejo** | 4.143 | 1.640 | 412 | 6.195 | 81 | 71 |
| **F.P.H. Virxe da Xunqueira** | 370 | 130 | - | 500 | 63 | 41 |
| **Total Galicia** | 23.114 | 7.238 | 3.081 | 33.433 | 84 | 71 |

**(1) Pacientes en espera estrutural cirúrxica por hospitais e servizos**
**(2) Pacientes en cola de programación de consultas médicas iniciais por hospitais e servizos**
Fonte*: Sergas*

**Cadro 5.22.**

O estudio da casuística permite analizar a produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. No C.H. Juan Canalejo, **cadro 5.20.**, o parto sen complicacións, outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas e o edema pulmonara e a insuficiencia cardíaca son os responsables do maior número de episodios con 1.817, 1.327 e 1.272 respectivamente. O **cadro 5.21.** mostra a mesma información para a F.P. Virxe da Xunqueira, sendo neste caso o parto sen complicacións, a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e os trastornos respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior, os responsables do maior número de episodios con 185, 154 e 154 respectivamente.

No que respecta á lista de espera, no C.H Juan Canalejo, a 31 de decembro de 2007 había un total de 6.195 pacientes na lista de espera cirúrxica cunha espera media de 81 días, dos que o 66,9% (4.133

pacientes) esperaron menos de 3 meses para ser atendidos. No que respecta ás consultas externas, a espera media dos pacientes en cola de programación de consultas médicas iniciais no citado Hospital ascendeu a 31 de decembro de 2007 a 71 días de media. Na F. P. Hospital Virxe da Xunqueira o número de pacientes en lista de espera na citada data ascendeu a 500, dos que 370 (o 74%) esperaron menos de 3 meses para ser atendidos, ascendendo a espera media a 63 días. No caso dos pacientes en cola de programación de consultas médicas iniciais a espera media ascendeu a 41 días (**cadro 5.22.**).

## Servizos sociais

Tal como se determina no artigo 3 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, a renda de integración social de Galicia e mailas axudas para situacións de emerxencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidos na citada lei e segundo os preceptos contidos nela.

En concreto a renda de integración social de Galicia (Risga) configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadala súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2007 está contida no **cadro 5.23.**

No que respecta ás rendas de integración social, o número de beneficiarios na área funcional de A Coruña, ascendeu no ano 2007 a 915 persoas, existindo no citado ano un total de 554 solicitudes novas. Comparando co conxunto da provincia de A Coruña, a área funcional acolle ao 52,1% dos beneficiarios e ao 52,3% das solicitudes desta renda da provincia de A Coruña.

Atendendo á distribución comarcal, o citado **cadro 5.23.** mostra como o 75% dos beneficiarios totais da Risga na área funcional pertencen á comarca de A Coruña (686 beneficiarios), seguida a moita distancia pola comarca de Bergantiños con 105 beneficiarios da Risga. A nivel municipal destaca o concello de A Coruña con 497 beneficiarios e 330 novas solicitudes no ano 2007, o que supón que o 54,3% dos beneficiarios e o 59,6% das novas solicitudes da área funcional de A Coruña estean localizados no concello de A Coruña.

As axudas de emerxencia social teñen como obxectivo o establecemento de axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área funcional de A Coruña ascendeu no ano 2007 a 350 persoas, producíndose un total de 517 solicitudes no citado ano. Comparando co número de beneficiarios e solicitudes da provincia de A Coruña, a área funcional analizada, acolle ao 65,8% e o 62,6% das solicitudes e beneficiarios da provincia de A Coruña.

Atendendo á distribución comarcal das axudas de emerxencia social, observamos no **cadro 5.23.** que o 74% do total de beneficiarios destas axudas pertencen á comarca de A Coruña, sendo o concello de A Coruña, con 207 beneficiarios e 298 novas solicitudes, o que acolle un maior número de axudas de emerxencia social dos 35 concellos que compoñen a área funcional de A Coruña.

No que respecta á atención residencial de maiores na área funcional de A Coruña os **cadros 5.24.** e **5.25.** mostran a distribución entre os concellos da área funcional dos centros, tanto públicos como privados, para persoas maiores así como as prazas dos mesmos dentro da área analizada.

No que respecta aos centros e prazas públicas para maiores dentro da área funcional de A Coruña,

*Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2007*

| | Risga | | Axudas de emerxencia social | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Solicitudes | Beneficiarios | Solicitudes | Beneficiarios | |
| **A Coruña** | 448 | 686 | 389 | 259 | |
| Abegondo | 3 | 3 | - | - | |
| Arteixo | 65 | 79 | 49 | 32 | |
| Bergondo | 4 | 8 | 5 | 3 | |
| Cambre | 8 | 23 | 9 | 2 | |
| Carral | 3 | 2 | - | - | |
| A Coruña | 330 | 497 | 298 | 207 | |
| Culleredo | 13 | 27 | 16 | 9 | |
| Oleiros | 11 | 29 | 2 | - | |
| Sada | 11 | 18 | 10 | 6 | |
| **Betanzos** | 15 | 34 | 12 | 8 | |
| Aranga | - | 1 | - | - | |
| Betanzos | 5 | 10 | 4 | 3 | |
| Cesuras | 1 | - | - | - | |
| Coirós | - | - | 1 | - | |
| Curtis | 1 | 4 | 3 | 2 | |
| Irixoa | - | 1 | - | - | |
| Miño | 1 | 5 | 1 | 1 | |
| Oza dos Ríos | 1 | 8 | 2 | 2 | |
| Paderne | 1 | 1 | - | - | |
| Vilarmaior | 1 | - | 1 | - | |
| Vilasantar | 4 | 4 | - | - | |
| **Fisterra** | 26 | 55 | 30 | 17 | |
| Cee | 9 | 18 | 10 | 7 | |
| Corcubión | 2 | 1 | 3 | - | |
| Dumbría | 4 | 3 | 2 | - | |
| Fisterra | 6 | 13 | 7 | 4 | |
| Muxía | 5 | 20 | 8 | 6 | |
| **Terra de Soneira** | 15 | 35 | 15 | 13 | |
| Camariñas | 7 | 6 | 11 | 9 | |
| Vimianzo | 6 | 12 | - | - | |
| Zas | 2 | 17 | 4 | 4 | |
| **Bergantiños** | 50 | 105 | 71 | 53 | |
| Cabana de Bergantiños | 3 | 3 | - | - | |
| Carballo | 30 | 59 | 55 | 42 | |
| Coristanco | 2 | 12 | 5 | 2 | |
| A Laracha | 5 | 8 | 6 | 4 | |
| Laxe | 5 | 3 | 3 | 3 | |
| Malpica de Bergantiños | 2 | 10 | 1 | - | |
| Ponteceso | 3 | 10 | 1 | 2 | |
| **Total área funcional** | 554 | 915 | 517 | 350 | |
| **Total provincia** | 1.059 | 1.755 | 826 | 532 | |
| **Galicia** | 52,31 | 52,14 | 62,59 | 65,79 | ## |

Fonte: *Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social*

**Cadro 5.23.**

o **cadro 5.24.** mostra a existencia de 4 residencias para persoas maiores, as residencias son centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia integral e continua ás persoas maiores, segundo a súa capacidade clasifícanse en miniresidencias (de 13 a 59 prazas), residencias (de 60 a 120 prazas) e grandes centros residenciais (superiores a 120 prazas). Na área funcional de A Coruña existen 3 grandes centros residenciais públicos nos concellos de A Coruña e Oleiros con 492 e 568 prazas respectivamente e unha miniresidencia con 52 prazas no concello de Carballo. As prazas en residencias públicas no conxunto da área funcional son 1.112, as que parecen insuficientes si se ten en conta a estrutura da poboación da área funcional cunha idade media en torno aos 44 anos e con un índice de vellez en torno ao 22%.

Existen así mesmo 2 vivendas comunitarias nos concellos de Vimianzo e Vilasantar con 24 prazas cada unha, 2 fogares e clubs nos concellos de Abegondo e A Coruña, entendidos estes últimos como

### Centros públicos para maiores na área funcional de A Coruña segundo tipoloxía 2006

| | Entidade | Tipoloxía | Prazas |
|---|---|---|---|
| **Abegondo** | Centro Municipal Da 3ª Idade | Fogares E Clubes, Vellez | - |
| **Carballo** | Residencia De Maiores Carballo | Miniresidencia, Vellez | 52 |
| **Coruña (A)** | Centro Residencial Concepción Arenal | Gran Centro Residencial, Vellez | 300 |
| **Coruña (A)** | Fogar De Maiores Da Coruña | Fogares E Clubes, Vellez | - |
| **Coruña (A)** | Centro Día Concepción Arenal | Centro De Día, Vellez | 30 |
| **Coruña (A)** | Residencia Fogar De Maiores Torrente Ballester | Residencia, Vellez | 192 |
| **Oleiros** | Residencia De Maiores De Oleiros | Gran Centro Residencial, Vellez | 568 |
| **Vilasantar** | Vivenda Comunitaria De Vilasantar | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Vimianzo** | Vivenda Comunitaria Do Concello De Vimianzo | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |

Fonte: *Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de centros*

**Cadro 5.24.**

### Centros privados para maiores na área funcional de A Coruña segundo tipoloxía 2006

| | Entidade | Tipoloxía | Prazas |
|---|---|---|---|
| **Bergondo** | Euroespes | Miniresidencia, Vellez | 50 |
| **Bergondo** | Centro De Día Euroespes | Centro De Día, Vellez | 40 |
| **Bergondo** | El Pilar | Miniresidencia, Vellez | 59 |
| **Bergondo** | Vivenda Comunitaria O Fogar De Gandarío | Vivenda Comunitaria, Vellez | 12 |
| **Cambre** | Centro De Dia Bribes Residencial | Centro De Día, Vellez | 17 |
| **Cambre** | Centro De Dia Los Olivos | Centro De Día, Vellez | 40 |
| **Carballo** | Centro De Día Abrente Carballo | Centro De Día, Vellez | 120 |
| **Carballo** | Residencia Abrente Carballo | Gran Centro Residencial, Vellez | 302 |
| **Carral** | Fogar De Sabela | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Cee** | A Xunqueira | Fogares E Clubes, Vellez | 0 |
| **Coiros** | Miniresidencia Fonte Do Santo | Miniresidencia, Vellez | 64 |
| **Coruña (A)** | Maiores | Centro De Día, Vellez | 120 |
| **Coruña (A)** | Metroces Ledicia | Gran Centro Residencial, Vellez | 384 |
| **Coruña (A)** | Centro De Día Ondiñas | Centro De Día, Vellez | 25 |
| **Coruña (A)** | Frama | Centro De Día, Vellez | 160 |
| **Coruña (A)** | Centro Alzheimer | Centro De Día, Vellez | 80 |
| **Coruña (A)** | Santa Teresa Jornet I | Gran Centro Residencial, Vellez | 338 |
| **Coruña (A)** | Centro Dia Esvida | Centro De Día, Vellez | 80 |
| **Coruña (A)** | Centro De Mayores La Coruña | Fogares E Clubes, Vellez | 0 |
| **Coruña (A)** | Remanso-Los Rosales | Miniresidencia, Vellez | 57 |
| **Coruña (A)** | Residencia Da Terceira Idade | Centro De Acollida | 120 |
| **Coruña (A)** | El Hogar | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Coruña (A)** | Sant-Yago 2 | Vivenda Comunitaria, Vellez | 22 |
| **Coruña (A)** | Vivienda Tutelada | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Coruña (A)** | Centro De Día San Carlos | Centro De Día, Vellez | 80 |
| **Coruña (A)** | Centro De Dia Sagrada Familia | Centro De Día, Vellez | 80 |
| **Coruña (A)** | Residencia Da Terceira Idade | Miniresidencia, Vellez | 120 |
| **Coruña (A)** | Residencia Esvida | Gran Centro Residencial, Vellez | 312 |
| **Coruña (A)** | Euroresidencias Coruña | Gran Centro Residencial, Vellez | 260 |
| **Coruña (A)** | Sant-Yago 1 | Vivenda Comunitaria, Vellez | 22 |
| **Coruña (A)** | Boandanza | Fogares E Clubes, Vellez | 400 |
| **Coruña (A)** | A Milagrosa | Centro De Día, Vellez | 100 |
| **Coruña (A)** | Residencia La Milagrosa | Residencia, Vellez | 128 |
| **Coruña (A)** | Centro De Dia De Personas Mayores | Centro De Día, Vellez | 60 |
| **Coruña (A)** | Meu  Lar | Miniresidencia, Vellez | 78 |
| **Coruña (A)** | Residencia La Ciudad | Residencia, Vellez | 154 |
| **Culleredo** | Las Palomas | Centro De Día, Vellez | 106 |
| **Culleredo** | Los Magnolios | Gran Centro Residencial, Vellez | 400 |
| **Culleredo** | Os  Muiños | Centro De Día, Vellez | 56 |
| **Culleredo** | El Pinar 2 | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Culleredo** | Residencia Rio Do Seixo | Miniresidencia, Vellez | 35 |
| **Culleredo** | Vivenda Comunitaria El Pinar | Vivenda Comunitaria, Vellez | 12 |
| **Culleredo** | Reencontros | Centro De Día, Vellez | 120 |
| **Fisterra** | Vivenda Comunitaria B | Vivenda Comunitaria, Vellez | 20 |
| **Fisterra** | Vivenda Comunitaria  A | Vivenda Comunitaria, Vellez | 22 |
| **Oleiros** | La Fortaleza Gallega | Miniresidencia, Vellez | 96 |
| **Oleiros** | Agarimo | Gran Centro Residencial, Vellez | 308 |
| **Oleiros** | Os Olivos | Vivenda Comunitaria, Vellez | 24 |
| **Oleiros** | Centro De Estancias Diurnas Agarimo | Centro De Día, Vellez | 78 |
| **Sada** | La Luz | Miniresidencia, Vellez | 118 |
| **Vimianzo** | Centro De Dia Municipal | Centro De Día, Vellez | 76 |

Fonte: *Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de centros*

**Cadro 5.25.**

*Garderías privadas, municipais, propias e de iniciativa social na área funcional de A Coruña 2006*

| | Privadas | | Municipais | | Iniciativa social | | Propias | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | nº Garderías | Prazas | nº Garderías | Prazas | nº Garderías | Prazas | nº Garderías | Prazas |
| **Área funcional de A Coruña** | **55** | **2.517** | **23** | **1.364** | **3** | **238** | **4** | **336** |
| **A Coruña** | **51** | **2.326** | **13** | **988** | **1** | **156** | **4** | **336** |
| Abegondo | - | - | 1 | 28 | - | - | - | - |
| Arteixo | 4 | 233 | 1 | 82 | - | - | - | - |
| Bergondo | - | - | 1 | 43 | - | - | - | - |
| Cambre | 5 | 248 | - | - | - | - | - | - |
| Carral | | | | | | | | |
| A Coruña | 30 | 1.249 | 5 | 432 | 1 | 156 | 4 | 336 |
| Culleredo | 9 | 467 | 1 | 65 | - | - | - | - |
| Oleiros | 3 | 129 | 3 | 251 | - | - | - | - |
| Sada | - | - | 1 | 87 | - | - | - | - |
| **Betanzos** | **1** | **37** | **2** | **114** | **1** | **41** | **-** | **-** |
| Aranga | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Betanzos | 1 | 37 | 1 | 73 | 1 | 41 | - | - |
| Cesuras | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Coirós | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Curtis | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Irixoa | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Miño | - | - | 1 | 41 | - | - | - | - |
| Oza dos Ríos | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Paderne | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Vilarmaior | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Vilasantar | - | - | | - | - | - | - | - |
| **Fisterra** | **-** | **-** | **3** | **72** | **1** | **41** | **-** | **-** |
| Cee | - | - | 1 | 32 | 1 | 41 | - | - |
| Corcubión | - | - | 1 | 20 | - | - | - | - |
| Dumbría | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Fisterra | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Muxía | - | - | 1 | 20 | - | - | - | - |
| **Terra de Soneira** | **-** | **-** | **2** | **102** | **-** | **-** | **-** | **-** |
| Camariñas | - | - | 1 | 61 | - | - | - | - |
| Vimianzo | - | - | 1 | 41 | - | - | - | - |
| Zas | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Bergantiños** | **3** | **154** | **3** | **88** | **-** | **-** | **-** | **-** |
| Cabana de Bergantiños | - | - | 1 | 27 | - | - | - | - |
| Carballo | 2 | 117 | 1 | 61 | - | - | - | - |
| Coristanco | - | - | - | - | - | - | - | - |
| A Laracha | 1 | 37 | - | - | - | - | - | - |
| Laxe | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Malpica de Bergantiños | - | - | 1 | x | - | - | - | - |
| Ponteceso | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Galicia** | 194 | 8.032 | 135 | 6.036 | 60 | 2.772 | 25 | 2.088 |
| **A Coruña** | 100 | 3.966 | 69 | 3.159 | 29 | 1.147 | 8 | 662 |
| **Área funcional / A Coruña** *(%)* | 55,00 | 63,46 | 33,33 | 43,18 | 10,34 | 20,75 | 50,00 | 50,76 |
| **Área funcional / Galicia** *(%)* | 28,35 | 31,34 | 17,04 | 22,60 | 5,00 | 8,59 | 16,00 | 16,09 |

Fonte: *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Servizo de Autorización de Centros*

**Cadro 5.26.**

centros destinados a servir como lugar de encontro nos que se promove a convivencia dos maiores co obxectivo de desenvolver a solidariedade e potenciar a integración persoal e comunitaria. No que respecta aos centros públicos destacar por último a existencia de un centro de día no concello de A Coruña con 30 prazas.

O **cadro 5.25.** mostra os centros privados para maiores existentes na área funcional de A Coruña, destacando a existencia de 18 residencias para maiores, das que 7 son grandes centros residenciais situados nos concellos de Oleiros, Culleredo, Carballo e catro no concello de A Coruña con 308, 400, 302 e 2.328 prazas en cada un dos catro concellos respectivamente.

No ano 2006 a poboación maior de 65 anos na área funcional de A Coruña ascendeu a 100.586

persoas, sendo a total de prazas residenciais na citada data de 4.375, das que 1.112 son públicas e 3.263 privadas. Acadándose un índice de cobertura de 4,3, comparativamente elevado en relación ao índice de cobertura galego e estatal.

Finalmente, analizaremos os centros e prazas das garderías privadas, públicas, propias e de iniciativa social existentes na área funcional de A Coruña no ano 2006

En primeiro lugar, o **cadro 5.26.** mostra a existencia no conxunto da área funcional de A Coruña de 55 garderías privadas que contan con 2.517 prazas, das que o 92,7% das mesmas así como o 92,4% das prazas están localizadas na comarca de A Coruña, e, fundamentalmente, no concello de A Coruña onde existen 30 garderías privadas que contan con 1.249 prazas. Destaca, no extremo contrario, a situación de comarcas como Terra de Soneira ou Fisterra, onde non existen garderías privadas.

No que respecta ás garderías de titularidade municipal, o **cadro 5.26.** mostra a existencia de 23 garderías de titularidade municipal cun total de 1.364 prazas, repartidas en 17 dos 35 concellos que compoñen a área funcional de A Coruña, estas garderías municipais están localizadas maioritariamente (13 das 23 existentes) na comarca de A Coruña, comarca que conta tamén co 72,4% do total de prazas municipais existentes na área funcional. Destacar que, fronte ás garderías privadas das que na área funcional están localizadas o 55% das existentes a nivel provincial, a porcentaxe de garderías municipais sobre o total provincial existente na área funcional, no acada o 34%.

Finalmente compre tamén ter en conta as garderías de iniciativa social e propias, o **cadro 5.26.** mostra a existencia de 3 garderías de iniciativa social na área funcional, e catro propias; de xeito que as comarcas de Terra de Soneira e Bergantiños non posúen ningunha gardería de iniciativa social, e as garderías propias están localizadas integramente no concello de A Coruña; polo tanto o número de prazas en garderías de iniciativa social e propias no conxunto da área funcional ascendía na data sinalada a 238 e 336 respectivamente, acadando o 20,7% e o 50,7% das prazas respectivas existentes no conxunto da provincia de A Coruña.

O total de prazas en garderías, tanto privadas como municipais como propias ou de iniciativa social, existentes na área funcional de A Coruña no ano 2006 ascendía a 4.455, sendo o número de menores de 4 anos residentes na mesma área funcional a un de xaneiro de 2006 de 20.307 individuos, polo que no conxunto da área funcional obxecto de análise, o rateo prazas por nenos menores de 4 anos ascende a 0,22, o que implica a existencia de 4,5 nenos por praza de gardería. ■